

Diario de Ferrol

Regasificadora del Noroeste, S.A.

Ferrol | Viernes, 23 de Marzo de 2007

+SECCIONES

- [Portada](#)
- [Narón](#)
- [Ferrolterra](#)
- [CGS](#)
- [Opinión](#)
- [Galicia](#)
- [España](#)
- [Mundo](#)
- [Sociedad](#)
- [Economía](#)
- [Deportes](#)
- [Comunicación](#)
- [Humor](#)
- [Titulares](#)
- [Portada PDF](#)
- [Motor](#)
- [Especial Cortázar](#)
- [FORO ECONOMÍA](#)
- [Encuentros Economía DF](#)
- [Foro Galego do Emprendemento](#)

FERROL

Ferrol conta xa cunha toponimia normalizada de máis de 2.500 nomes

Parroquias e lugares, elementos culturais, accidentes terrestres e costeiros e outros moitos nomes recollidos na zona rural integran o traballo de toponimia local que se fixo no municipio, promovido pola Xunta coa colaboración de Concellos e entidades veciñas.



REDACCIÓN > FERROL

O traballo comezou hai tres anos coa contratación de tres persoas adicadas a facer o traballo de campo e recoller os nomes de todo canto se puidera lembrar nas parroquias ferrolás, como patrimonio inmaterial. Unha vez recollida esa microtoponimia, os resultados teñen múltiples aplicacions, como a elaboración de mapas, guías ou novas cartografías, ademais do valor cultural que pode ter manter vivas esas nomenclaturas que de non se recopilar chegarían a perderse.

A sede da Fundación Caixa Galicia serviu onte como sede de presentación do proxecto de recuperación da toponimia, acto no que participaron o edil de Educación, José Manuel Vilariño; a delegada provincial da Consellería do Medio Rural, Olga María Agra García; Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, directora xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o director do proxecto Toponimia de Galicia e secretario da comisión de Toponimia da Xunta, Xermán García Cancela. O concelleiro ferrolán manifestou o compromiso do Concello con este proxecto e coa microtoponimia "ameazada gravemente nos últimos anos polas transformacións demográficas e a progresiva desaparición dos modelos de vida tradicionais".



[descarga en .pdf](#)

+SERVICIOS

- [Taxis](#)
- [Televisión](#)
- [Horóscopo](#)
- [Esquelas](#)
- [Cartelera](#)
- [Teléfonos](#)
- [Farmacias](#)
- [Agenda](#)

+UTILIDADES

- [Buscador](#)
- [Mapa Web](#)
- [Escríbenos](#)

+PERIODICOS

- [El Ideal Gallego](#)
- [Diario de Arousa](#)
- [Diario de Ferrol](#)
- [Deporte Campeón](#)
- [Diario de Bergantiños](#)

O Concello, a través da área de Normalización Lingüística, desenvolveu este traballo en todas as parroquias da zona rural, coa colaboración de 23 asociacións veciñas, unha cultural e más de 90 veciños que, polo seu coñecemento do territorio e pola súa idade, convértense na memoria histórica dos seus lugares de residencia.

A delegada provincial do Medio Rural, Olga María García, lembrou que o proxecto nace coa idea de "salvar o patrimonio topónimico" e asegurou que "con cada vello que morre ou persoa que abandona a zona rural desaparecen dúcias de tipónimos", de ahí a importancia de recompilalos e conservalos.

[Imprimir noticia](#) | [Volver](#) | [Enviar noticia](#)

Ads by Google View ads about: »